

Lérez e o Burgo: momentos dunha relación


Mario Gallego Rei

Os territorios limítrofes manteñen sempre relacións tan íntimas como queiran os seus habitantes, ás veces, fortes e positivas e outras afastadas entre sí, cando non enfrontadas. Esta realidade dáse en calquera parte e mesmo en calquera tempo histórico, é unha constante no camiño de tódolos pobos que habitan o noso planeta. Desta situación tamén beben os territorios de Lérez e de O Burgo, de primeiras unha mesma parroquia e hoxe divididos en dous por mor do número de persoas que medra cada ano en cada unha delas. Mentres a historia presenta unha serie de relacións fluídas, o xeito de vivir levounos por camiños diferentes, aínda que non diverxentes.

Cando no século X fundan o mosteiro de Lérez, por orde do rei Ordoño II, o barrio do Burgo Pequeno estaba integrado no couto de Lérez, como zona máis ó sur do mesmo. Esta fundación faise baixo a honra de San Salvador, da Virxe María, San Miguel Arcanxo, Santiago, San Tirso, San Lourenzo, San Mamede, San Martiño bispo, Santa María

Magdalena e Santa Engracia. Xa atopamos as dúas edificacións, Lérez e O Burgo, de tipo relixioso do territorio adicadas, entre outras, a Santiago e esta relación comeza dun xeito efectivo, como compoñentes do mesmo couto e propiedade ámbolos dous do arcebispado de Santiago. Esta relación medra cando o arcebispo Xelmírez, no ano 1113, no sábado anterior ó Domingo de Pasión “celebrou a misa e elevou ó grao de presbítero a Hugo arcedián de Santiago. Mesmo ó día seguinte reuníronse en Lérez os coengos de Santiago, complementando a celebración, entre outros co ceo cheo de luminarias”.

Esta presenza do arcebispado en terras de Pontevedra era máis extensa, xa que aquel tiña varias propiedades na mesma cidade e terras de arredor, e mesmo vai aumentar co episodio da conquista-reconquista da fortaleza lerezana de Cedofeita, entre as tropas castelás de Fernando II por unha banda e as de Afonso Henriquez que, logo de asinar a chamada “Paz do Lérez”, no medio da ponte de O Burgo, e non cumprir o portugués a devolución



Pontevedra a finais do século XVI. Arquivo de Simancas

pactada de Cedofeita, aquel mandou as súas tropas ó asedio e posterior ataque, feito que non aconteceu como estaba previsto polo mal tempo, as fortes chuvias e unha gran tempestade que axudaron á facer máis inexpugnable o entorno natural e o terreo abrupto do lugar que retardaron a acción bélica programada. Cando peor estaba a situación, parece a axuda divina e milagreira do apóstolo Santiago (con mosteiro con advocación especial, arcebispado de Santiago en labor de propaganda e un camiño xacobeo que enchía de esmolos e ofrendas o peto catedralicio) adoptando a forma de lóstrego nos esquezamos que Santiago era "o fillo do trono"- presentouse o prodixio naquela atmósfera mítico-relixiosa e nunha noite de tebras e dubidosa para o desenlace da contenda. Todo isto trae como consecuencia o derrube da torre de xeito "fulminante" e morrendo os frecheiros, como gardiáns importantes e necesarios na defensa. Os feitos descritos atemorizan e espantan de tal maneira ós soldados que o día seguinte, se consegue entrar na fortaleza apoderándose dela sen que haxa ningún ferido polo bando fernandino. Para completar, aínda máis este clima mítico-relixioso documentamos varias manifestacións de persoas da época que falan de "que xa con anterioridade se lle rebelaron estes feitos en sonos", certificando o papel protector e favorecedor do apóstolo ós territorios e persoas que estaban baixo a súa protección.


Estes feitos, entre historia documentada e tradición oral, poñen de manifesto a importancia que desde sempre dou o arcebispado ás terras ó norte do río Lérez, tentando ademais monopolizar o

comercio marítimo-fluvial e as rotas xacobeas nas vertentes económica e relixiosa, e mesmo tamén presionan á vila de Pontevedra para que "fora" de Santiago, feito que non conseguiu a pesar do Foro a cidade do ano de 1169.

A construción dunha capela no cono sur de Lérez, barrio de O Burgo, posta baixo a advocación de Santiago, entre o extremo norte da ponte e o comezo do camiño portugués logo do seu paso por Pontevedra, no lugar de A Santiña, se entende coma un xeito de capitalizar todo este territorio cun maior control sobre Pontis Veteris, o camiño xacobeo e o territorio de Lérez.

A riqueza económica das terras ó norte do Lérez era presa codiciada por varias autoridades relixiosas da época, o párroco de Santa María a Grande percibía a cuarta parte dos dezmos maiores (viño e cereais) dos froitos colleitados en Santiago de O Burgo, correspondendo os outros tres cuartos ós bieitos do mosteiro de Lérez, máis ou menos por un total de 1000 reás de vellóns. No ano 1290 a forza económica e O Burgo debía ser moi importante xa que os dezmos que se percibían andaban en disputa entre o convento de Lérez e o arcediano de O Salnés.

Esta relación de terras e dezmos seguiu durante moitos anos estando os paisanos de O Burgo sempre en medio de liortas e preitos polas rendas do seu traballo. Coñecemos documentación do século XV na que se expresa a existencia en O Burgo dunha importante granxa e viña na zona de A Santiña camiño de peregrinacións-, lugar de Forcabella, que foi de Lérez ata o século XIX. Na



Pontevedra 1668. (Pierre Maria Baldi)

época moderna houbo un foro como consecuencia dun preito sobre as devanditas terras prantexado por Benita de Pazos e Aldao.

Tal vez foron estas posesións en Lérez e O Burgo unha das causas máis importantes do nacemento da tradición das "uvas e do millo" polo camiño de A Santiña. A Gándara e O Castañal, xa que deste xeito a tradición aumentaba o poder arzobispal relixioso, económico e político, e tamén as colleitas e rendas das terras lerezanas.

Toda esta situación necesitaba de límites ben definidos cando O Burgo pasou a depender da parroquia de Santa María, polo que Lérez e o barrio norte da vila pontevedresa tiveron que inventar lugares que fosen comúns e que delimitasen espazos, polo que houbo frecuentes disputas entre ámbalas dúas parroquias non tanto polo territorio senón pola cantidade de produtos agrícolas e gandeiros, dezmos e impostos, traballos e persoas para unha ou outra parroquia.

Ata hai poucos anos as procesións, presididas polo párroco de Santa María entraban polo camiño situado enfronte do antigo bar Pasarón, o espacio dereito do mesmo pertencía a parroquia de Lérez e o da esquerda a Santa María. A imaxe pagaba un bo imposto ó pisar o chan da parroquia lerezana, e o mesmo caso ocurría cos enterros.

O Pai Sarmiento, que viviu en Pontevedra e estudou no seminario do mosteiro bieito, louvou sempre que tivo ocasión as terras de Lérez e O Burgo, sobre todo nos escritos arredor das viaxes que fixo a Santiago, sinalando lugares, carácter de persoas e traballos máis usuais naquel tempo, dando moitas notas que son, aínda hoxe, importantes para o coñecemento dos devanditos espazos. Louvanzas comentadas por moitas das persoas que recorrían o camiño portugués e tanto como a raiña Isabel e don Denis de Portugal, o conde don Enrique, Pedro Madruga, Tomás Becket ou Baldi foron algúns dos que recoñeceron estas terras como lugares de fermosura e xenerosidade, que os veciños souberon gardar ata hoxe en día.



Santiaguíño do Burgo. Medios dos anos 60. (Actual rúa Xoan Manuel Pintos)